

# BIBLIOTECA ESCOLAR, CENTRO CREATIVO DAS APRENDIZAXES




Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2022

*Cristina Novoa*
*@novoa5*
*crisnovoa@gmail.com*

# BIBLIOTECA ESCOLAR, ORGANISMO VIVO



*A biblioteca escolar debe ter os sentidos alerta e unha gran capacidade para reaccionar de maneira inmediata (ou case) ao que percebe como necesidade ou interese nos seus usuarios naturais.* ***Respirar coa súa xente, coa comunidade á que serve.***

***Artigo en EDUGA***

*http://www.edu.xunta.gal/eduga/1476/biblioteca-escolar/biblioteca-escolar-un-organismo-vivo*

# BIBLIOTECA ESCOLAR, CENTRO CREATIVO DAS APRENDIZAXES

A biblioteca escolar así entendida:

- ✓ Pon a disposición da comunidade educativa recursos, servizos e oportunidades para o desenvolvemento de competencias clave no currículo escolar.
- ✓ Garante a mediación imprescindible e axeitada en materia de lectura e de información, nun contexto de multialfabetismos e urxencias por formar ás persoas como lectoras críticas e usuarias responsables da información e dos medios de comunicación
- ✓ Precisa ser unha biblioteca inclusiva, impulsora da creación, a expresión e a colaboración en toda a súa diversidade.



DAVID LANKES (Director da Escola de Biblioteconomía e Ciencias da Documentación. Universidade de Carolina do Sur). Congreso Nacional de Bibliotecas Públicas. Las Palmas de Gran Canaria, novembro 2021.




- *A biblioteca ten que pensar menos nas transaccións e máis nas conversacións.*
- *A súa función é propiciar ENCONTROS e fomentar CONVERSACIÓNS.*
- *A súa finalidade: mellorar vidas. Mudar COLECTIVOS en COMUNIDADES.*
- *A colección é unha ferramenta; hai que preocuparse de como a colección pode enriquecer a vida da xente, pero hai que favorecer as RELACIÓNS.*
- *A biblioteca debe formar parte da historia da comunidade. Cada biblioteca debe adaptarse e medrar coa súa COMUNIDADE. Integrar redes de aprendizaxe para adaptarse á comunidade. Entender que é o que a fai única.*
- *Debe facilitarse o acceso aos coñecementos da comunidade. Coñecer e difundir as paixóns dos membros da comunidade. Recoñecer talentos e habilidades.*

https://www.youtube.com/watch?v=iVWDiDUrsJo&list=PLmAw6SZis81IqDKTiosehKtAavRV6XX5K&index=4

# *QUE BIBLIOTECAS?*

A biblioteca escolar é un **“entorno” físico e dixital** de aprendizaxe na escola onde **a lectura, a indagación, a investigación, o pensamento, a imaxinación e a creatividade** son centrais para a **viaxe** dos estudantes **da información ao coñecemento**, tamén para o seu **crecemento persoal, social e cultural**.

Directrices IFLA para a Biblioteca Escolar (2015-revisada)

International Federation of Library Associations. *IFLA School Library Guidelines. 2015 (revisada)*

# A BIBLIOTECA, COMO CENTRO DE RECURSOS DE LECTURA, INFORMACIÓN E APRENDIZAXE: *"CENTRO CREATIVO DAS APRENDIZAXES"* (CLÁUSULA PRIMEIRA DAS INSTRUCIÓNS DA D.X. CENTROS EN RELACIÓN COA BIBLIOTECA ESCOLAR. CURSO 21/22)

Instrucións.

1. *Todos os centros de niveis non universitarios deberán establecer as medidas organizativas oportunas para poñer a disposición de alumnado e profesorado e, na medida do posible, do resto da comunidade educativa,* ***unha biblioteca escolar que favoreza o achegamento a libros informativos e de ficción, así como a outros recursos informativos e lúdicos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico; presentes na biblioteca ou dispoñibles a través de Internet; relacionados cos contidos do currículo ou que poidan cubrir a variedade de intereses de lectura e de aprendizaxe.***



*CEP Xosé María Brea Segade. Taragoña-Rianxo*

## *SEGUINDO COA CLÁUSULA 1*

Instrucións.

2. *O equipo directivo deberá tomar* ***as medidas organizativas oportunas que garantan o correcto funcionamento deste servizo educativo*****.**





*Charlas presenciais e virtuais. IES San Paio (Tui)*
*http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanpaio/node/2603*

## *SEGUINDO COA CLÁUSULA 1*

3. Os centros establecerán unha **partida específica** para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro (entre un 5% e un 10% do orzamento deste).

4. **O espazo da biblioteca deberá organizarse en función das prácticas que interesa incentivar e das experiencias que se pretenda estimular** *(...)[Verase + tarde]*





Instrucións.

5. No caso extremo de falta do espazo, ou cando as características do centro non faciliten a creación dunha biblioteca central con espazos diversificados, suficientes e con funcións especializadas, deberá deseñarse unha "biblioteca distribuída" (...); **non se poderán separar os recursos en lugares distintos en función do tipo de soporte** (deben convivir o impreso e o dixital, os libros cos xogos e o equipamento tecnolóxico).

# *BIBLIOTECA INCLUSIVA*

Instrucións.

6. “*A biblioteca deberá ser cada vez máis inclusiva,* ***que dea resposta ás necesidades de todo o alumnado*** *no que atinxe a accesibilidade, aos recursos dispoñibles a través da colección física ou virtual, aos equipamentos e ás actividades propostas*”




Accesible para descarga: http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/FOLLETO-A3-BINCLUSIVAS-V1.pdf

# UN RECURSO PARA A TRANSVERSALIDADE

Instrucións.

7. *A biblioteca escolar* ***deberá facilitar o tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario*** *en proxectos e actividades, contribuíndo así aos cambios metodolóxicos imprescindibles.*




*8. A biblioteca escolar, conforme aos Obxectivos da Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sustentable,* ***debe proporcionar servizos e programas que dean resposta ás necesidades informativas das persoas que integran a comunidade educativa, formando ao alumnado para unha participación plena, activa e comprometida coa sociedade complexa na que nos toca vivir.***

# *DÚAS FUNCIÓNS FUNDAMENTAIS*

Instrucións.

9. **A biblioteca deberá concibirse como mediadora das lecturas no centro**, polo que será o "núcleo" da atención á formación de hábitos de lectura no conxunto da comunidade educativa; con este fin, o equipo da biblioteca deberá deseñar, asesorar e apoiar actividades para o fomento da lectura que teñan en conta os distintos sectores que a conforman, procurando a colaboración de todos eles.





10. A biblioteca escolar **é o contexto privilexiado para o desenvolvemento de competencias informacionais e mediáticas, como requisito para a construción do pensamento crítico,** o que deberá terse en conta á hora de abordar o reforzo destas competencias clave.

# *A BIBLIOTECA "É COUSA" DA COMUNIDADE EDUCATIVA*

Instrucións.

11. A utilización habitual desta biblioteca para a lectura, información e a aprendizaxe (LÍA), e como "centro creativo das aprendizaxes", **concirne a todo o profesorado**, a todas as áreas, etapas e níveis, así como a todos os programas nos que está inmerso o centro para o desenvolvemento do seu Proxecto Educativo.

12. **O Proxecto Lector de Centro** deberá ter unha vinculación estreita coa biblioteca escolar.

13. **A biblioteca escolar incorporará ás familias** (na medida do posible e a través de distintas fórmulas), co fin de implicalas na formación das lectoras e dos lectores e, tamén, na súa formación como usuarios críticos de información e dos medios de comunicación.



Ilust. de
Óscar Villán






Cartel y lema para las Bibliotecas escolares de Galicia – curso 2019/2020

# BIBLIOTECA ESCOLAR:
# *AXENTE TRANSFORMADOR DA CULTURA PEDAGÓXICA DO CENTRO*




*CEIP A Lama (A Lama, Pontevedra)*

Artigo: *La biblioteca escolar y el cuento del hombre que tenía mala suerte.*
Monográfico BE21 puntedu 2020: http://xtec.gencat.cat/web/.content/projectes/biblioteca/biblioteca-escolar-en-el-segle-xxi/documents/6_novoa.pdf

*CUESTIÓNS BÁSICAS para que a BE poida exercer de **axente tranformador** no centro:*

1. *O espazo como <u>facilitador de experiencias</u>*
2. *Equipamento para o acceso, tratamento e produción de información, e para a aprendizaxe colaborativa*
3. *Actualización constante da colección*
4. *Biblioteca física e virtual*
5. *Equipo de apoio: <u>factor humano</u>*
6. *Orzamento específico*
7. *A biblioteca como <u>mediadora da lectura no centro</u>*
8. *<u>Alfabetización mediática e informacional</u>*

# 1. O espazo como "facilitador" de experiencias

*O espazo da biblioteca debe organizarse* ***en función das prácticas que interesa incentivar****. En lugar de dedicar todo o espazo dispoñible a postos de lectura individual, deberá distribuírse o mobiliario de forma* ***que favoreza a circulación das persoas usuarias así como actividades individuais e grupais de lectura*** *(formal e informal),* ***consulta, participación, expresión, investigación, manipulación****..., ampliando as posibilidades da biblioteca cara a unha factoría ou laboratorio creativo de aprendizaxes no que* ***o diálogo, a participación activa e a comunicación son imprescindibles.***

Instrucións para a organización e funcionamento da BE. Setembro de 2021. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

*IES de Brión*



*CEE Terra de Ferrol*



## Intervencións nos espazos para unha maior diversidade de oportunidades de aprendizaxe





CPI Cruz do Sar (Bergondo, A Coruña)






**Espazos e mobiliario pensados para facilitar experiencias de aprendizaxe**




CEIP Covas-Meaño (Meaño, Pontevedra)









*IES Basanta Silva (Vilalba, Lugo)*

IES de Brión
















Recunchos de ciencia, espazos creativos, *maker spaces, sets de gravación audiovisual, recuncho de xogos,* laboratorios de ideas, *factoría lab:* ***CENTRO CREATIVO DAS APRENDIZAXES***







# Espazos para a comunicación e para a desconexión















# *UNHA BIBLIOTECA ESCOLAR INCLUSIVA??*

Repensar e redeseñar os

## ESPAZOS

- **Accesibles**
- **Practicables** (que faciliten a circulación)
- **Diversos:** lectura informal, traballo individual e traballo en grupo, recuncho audiovisual e informático para un uso autónomo... pero tamén: creativos, multisensoriais, manipulativos, libres de estímulos ("espazos de acougo")...
- Con **mobiliario adecuado**
- Con **equipamento adaptado** (pantallas, teclados adaptados, pulsadores, lupas, tabletas, mesa táctil…)





# 2. Equipamento para o acceso, tratamento e produción de información, e para a aprendizaxe colaborativa.







*CEP X.Mª Brea Segade (Taragoña- Rianxo)*



# 3. Unha colección actualizada, diversificada, equilibrada, inclusiva



- ✓ Xestión ténica "profesional": informada, evaluada, contextualizada, planificada.
- ✓ Se non sabemos, preguntamos.
- ✓ **Sistemas de clasificación estandarizados.**
- ✓ Non á improvisación nin á simplificación excesiva.
- ✓ Formación de persoas usuarias.

https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1249

# COMPOSICIÓN DOS FONDOS

Segundo as recomendacións internacionais – IFLA/UNESCO (2002:

- 60%: Obras de referencia, libros e outro material de consulta, de coñecementos….
- 40%: libros e outros para o lecer (incluída a LIX)



* Directrices 2015

# *¿UNHA BIBLIOTECA ESCOLAR INCLUSIVA?*

Contemplar na
## COLECCIÓN

- **Textos adaptados:** letra grande, lingua de signos, pictogramas, braille, subtitulación, audiodescrición, audiolibros, redactados con criterios de "lectura fácil".
- Recursos en diferentes **soportes e formatos**
- **Xogos e material manipulativo**
- **Material multisensorial**





# SELECCIÓN DE RECURSOS: WWW.PINTEREST.ES/BESCOLARESGAL




POR UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA




BIBLIOTECA INCLUSIVA-SECUNDARIA

LECTURA E DIVERSIDADE



# 4. Biblioteca física e biblioteca virtual



As bibliotecas escolares son bibliotecas híbridas, que dan cabida a materiais impresos e a materiais en soporte electrónico; bibliotecas que aúnan o presencial e o virtual, que integran a cultura impresa e a cultura dixital.

**(Marco de referencia para as bibliotecas escolares. MEC, 2011)**

# PLATAFORMAS DE PRÉSTAMO DE LIBROS Y OTROS CONTENIDOS DIGITALES




https://bega-elbe2.edu.xunta.es/

# DECLARACIÓN DE STAVANGER

(SOBRE O FUTURO DA LECTURA)
ALGÚNS ACHÁDEGOS E RECOMENDACIÓNS

A tendencia dos lectores a sobrevalorar a súa capacidade de comprensión é maior cando len en medios dixitais que cando len en papel, particularmente cando len baixo presión temporal, o que lles leva a ler de forma máis superficial e menos concentrados.

Un meta-estudio que inclúe 54 estudos e un total de máis de 170.000 participantes demostra que **a comprensión de textos expositivos e informativos é máis elevada cando se le en papel que cando se le no medio dixital**, particularmente cando o lector se atopa baixo un tempo de lectura limitado. Unha diferencia que desaparece ao ler textos narrativos.

Debe ensinarse aos estudantes estratexias para o dominio nas contornas dixitais da lectura en profundidade e os procesos superiores relacionados con ela. Así mesmo, é importante que os centros educativos e as súas bibliotecas continúen motivando aos estudantes para ler libros impresos e que se destine un espazo curricular para iso.

https://ereadcost.eu/wp-content/uploads/2019/01/E-READStavangerDeclaration_ES.pdf

# *A importancia dos recursos dixitais, web, rrss e outros.*




En tempos de confinamento (pandemia), as bibliotecas escolares seguiron traballando:

- ✓ Vinculando á comunidade educativa
- ✓ Promovendo a lectura, a escritura, a oralidade, a investigación, o traballo cos medios audiovisuais
- ✓ Ofrecendo recursos dixitais para apoiar a alumnado, profesorado e familias.

Imprescindible contar cun espazo web específico da biblioteca: blog ou web

# bescolaresgal #bescolaresgalabertas

# 5. O factor humano



Equipo de biblioteca



Alumnado voluntario





Familias lectoras

# 6. Recursos: un orzamento propio
















# ACTUACIÓN VINCULADA AOS CONTIDOS CURRICULARES E ÁS COMPETENCIAS





# 7. A BE como mediadora de lectura no centro




*XEOGRAFÍAS LECTORAS NA BIBLIOTECA ESCOLAR convida a explorar todas as posibilidades da lectura: en calquera soporte, en calquera formato, con calquera finalidade; lecturas textuais e icónicas; imaxes fixas e en movemento; lectura de gráficos, planos, mapas ou infografías; lecturas individuais e lecturas compartidas, en silencio ou en voz alta; lectura de ficción e de información; lectura libre e guiada; lectura que nos axude a comprender mellor o noso mundo e lectura que nos axude a entender o mundo dos outros...*

*Cartel e lema 2020/21. Ilust. Bea Lema*

# PROXECTO LECTOR DE CENTRO




É un documento que **integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas**. Procura a adquisición das competencias básicas, especialmente:

- *a) Competencia en comunicación lingüística.*
- *b) Competencia plurilingüe.*
- *c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.*
- *d) Competencia dixital* (inclúe o tratamento da información)
- *e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender.*
- *f) Competencia cidadá.*
- *g) Competencia emprendedora.*
- *h) Competencia en conciencia e expresión culturais.*

Proxecto Lector de Centro

# FORMACIÓN E FOMENTO DA LECTURA: propostas **diversificadas** e centradas na **socialización** da lectura e na **construción de lectores competentes. proxecto lector de centro / plan anual de lectura. Lectura crítica.**



*Máis aló das conmemoracións de datas clave do calendario civil ou do ciclo anual, **actividades sistematizadas** (tempos e espazos para a lectura), calidade nas propostas, e tamén: clubs de lectura, rutas literarias, lecturas compartidas, "hora de ler"…*



## *FRONTE ás transformacións que se dan simultaneamente en varias dimensións e que interactúan entre si…*

- Os soportes e as formas de lectura
- A noción de lectores
- As colección e os espazos de lectura
- A estabilidade e perdurabilidade das bibliotecas




"O traballo pedagóxico das bibliotecas escolares como lugar de encontro e cruzamento entre a cultura letrada impresa e os novos soportes e modos de ler".

"Formar lectores xa non implica soamente poñelos en contacto cun corpo de obras previamente definido como referencia cultural común, senón dotalos de criterios e capacidades para orientarse nun océano de producción culturais que non recoñecen os criterios de autoridade e de selección cultural outrora exitosos".

**As bibliotecas escolares fronte aos desafíos contemporáneos. *Pegadas dunha viaxe*. *Traxectorias e futuros das bibliotecas escolares de Galicia*. Inés Miret (coord.) Xunta de Galicia, 2021**





## CLUBS DE LECTURA, LECTURAS COMPARTIDAS, FAMILIAS LECTORAS…







Club de lectura 2º BAC. IES Punta Candieira (Cedeira)




IES A Basella (Vilagarcía de Arousa)

# CLUBS DE LECTURA:
## *ESPAZOS DE SOCIALIZACIÓN, CREACIÓN, REFLEXIÓN, DEBATE E APRENDIZAXE*



*Vanse desenvolvendo habilidades…*

- Para o diálogo
- O respecto polas outras persoas
- A defensa razoada da opinión propia
- O respecto polas quendas de palabra
- A capacidade de escoita
- **Os principios democráticos básicos**

Expresión oral

Argumentación

Habilidades cognitivas

Comprensión lectora

Aprender a pensar

# QUÉ SE PODE FACER COA/NA BIBLIOTECA?



O recanto de Mik. CEIP Mestres Goldar, Vigo

Lectura libre
Lectura guiada
Lecturas compartidas
Lectura de imaxes
Recomendacións
Novidades
Contos
Recitais
Escrita
Fotografía
Produción de audiovisuais
Construción
Radio
Música
Buscas de información
Programas de formación de usuarios
*ALFIN*/AMI
Préstamo
Artes diversas
…

Escoitar
Falar
Ler
Escribir
Contar
Pensar
Mirar
Crear
Construírr
Descubrir
Investigar
Observar
Analizar
Producir
Compartir
Comunicar
**Construir coñecemento**
…

**Bibliobasella**
860 Fotos y videos
Siguiendo

Bo momento para escoller un libro, gravar un booktrailer e presentalo ao Concurso: "Namorei dun libro".🤓😎😉
Envíao co teu nome e curso a:
bibliobasella@iesabasella.org
#bescolaresgal
#bibliotecascreativas




2

**Bibliobasella** @Bibliobasella · 16 dic. 2021
Podedes tamén a participar na actividade "CITA A CEGAS CUN LIBRO"... Atrévete e lerás!!!




2

https://twitter.com/i/status/1490056312650182659

@Bibliobasella
IES A Basella. Vilanova de Arousa

# *HORA DE LER:* LECTURA LIBRE EN TEMPO LECTIVO




**HORA DE LER**

*Durante os quince primeiros minutos da primeira sesión os alumnos de ESO poden ler os libros, comics, revistas que traian da súa casa.*

*Tamén estarán á disposición do alumnado e profesorado en ALTO RISCO e na páxina web, polo menos, días suxestións semanais de lectura.*

IES Francisco López Aguiar. Betanz




*IES A Basella (Vilagarcía de Arousa)*

# *Maletas viaxeiras, mochilas viaxeiras e outras...*









# RECITAIS, EXPOSICIÓNS, ENCONTROS CON AUTORAS, CREADORAS, CIENTÍFICAS, DIVULGADORAS, EXPERTAS, REFERENTES…









# *EXTENSIÓN CULTURAL*: ***MÁIS E MELLORES EXPERIENCIAS DE LECTURA***

- **Recomendacións**
- **Encontros con autores/as**
- **Recitais**
- **Lecturas compartidas**
- **Hora do conto**
- **Punto de información cultural**
- **Club de lectura**
- **Rutas literarias**
- **Visitas a librerías o bibliotecas**
- **Exposicións temáticas**
- **Animación á lectura**
- **Familias lectoras**
- **A biblioteca como plataforma de difusión dos traballos escolares, das habilidades do alumnado e doutros membros da Comunidade Educativa….**




Espazos web, redes sociais, boletíns informativos, canles diversas de comunicación, contacto e colaboración….

Biblio Ollos Grandes is with Jorge Tojeiro Formoso.
28 de febreiro de 2020 ·

Hoxe houbo música jazz na Biblio, con Jorge Tojeiro, exalumno que veu contarnos como decidíu volcarse na súa paixón e construír a súa vida arredor dela, deixando a carreira de Física porque o seu dende sempre foi a Música. Foi un gustazo telo con nós, reencontrarnos e saber que é feliz seguindo o seu camiño. Verémoste pronto nun esceario, Jorge, e mil grazas por vir e tocar!

.

.

.#plambe #bescolaresgal #recreosculturais
#micrófonosabertosnabiblio



Biblio Ollos Grandes
10 de febreiro de 2020 ·

Programación desta semana. Con dobre sesión de Micros Abertos, oigan!

.

.

.#plambe #bescolaresgal #recreosculturais




Recreos culturais: IES Nosa Sra. Ollos Grandes, Lugo)

Recreos activos,
recreos creativos…

CEP Xosé María Brea Segade






IES de Brión

IES de Arzúa





# *UNHA BIBLIOTECA ESCOLAR INCLUSIVA??*

Desde e para outra

**ACTITUDE**

en relación coa diversidade

- Normalizadora
- Visibilizadora
- Sensibilizadora
- Respectuosa e de trato igualitario
- De axuda, apoio e comunicación adaptada
- Coñecedora das diferentes necesidades







Trataríase de formar lectoras e lectores que sexan quen de mirar e sorprenderse, de buscar significados alí por onde vaian, lean o que lean, miren o que miren; autónomos na súa busca de lecturas e de recursos culturais e artísticos, curiosos fronte ao mundo e respectuosos co outro e as súas creacións...

# 8. Alfabetización informacional e mediática







**Urxencia de programas estables e sistematizados.**

https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/files/semana_ami_2020.pdf

16 de maio de 2021

# "Fake News"

En Sexto estiveron traballando sobre os embustes nas redes e nos medios de comunicación, as *"Fake News"*. Este é o mural que elaboraron co *Decálogo contra as Fake News.*




*CEP Xosé Mª Brea Segade (Taragoña-Rianxo, A Coruña)*

http://bibliobreasegade.blogspot.com/2021/05/fake-news.html



EL PAÍS FORMACIÓN

E & emagister:

FORMACIÓN ›

**“Para fomentar el pensamiento crítico, garanticemos que todos salen de la ESO sabiendo leer y escribir”**

El filósofo Gregorio Luri reflexiona en esta entrevista sobre los desafíos de la educación en España y las prioridades que deberían marcar el futuro de nuestras escuelas

https://elpais.com/economia/2020/01/22/actualidad/1579697337_265428.html

*“Lo crítico, el pensamiento crítico, la lectura crítica, hay que trabajarlo desde todas las disciplinas.”* **Daniel Cassany**

**RECOMENDACIÓN ESPECIAL:** ***Educar contra la desinformación*****. Daniel Cassany.**
Encontros PLAMBE 20/21 (abril 2021): https://youtu.be/aPiTTAaRDn8

A alfabetización informacional é a capacidade de pensar de forma crítica e emitir opinións razoadas sobre calquera información que atopemos e utilicemos. Empodéranos, como cidadáns e cidadás, para alcanzar e expresar puntos de vista informados e comprometernos plenamente coa sociedade. CILIP, 2018



# ÁMBITOS DE ACTUACIÓN: **PROGRAMAS PARA A ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL.**

*O papel da biblioteca escolar neste ámbito sería o de:*

- ***dispoñer** os recursos de forma efectiva*
- ***orientar** na súa utilización*
- ***deseñar** xunto co resto do profesorado **programas de formación** na busca, selección e uso das fontes informativas  e o traballo documental*
- ***apoiar** propostas de **proxectos interdisciplinarios** que favorezan o uso dos recursos informativos e a elaboración de **traballos de investigación documental***
- ***axudar** ao profesorado a que desde as súas respectivas materias reforce estas aprendizaxes.*

Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación (2011)



https://vimeo.com/634415208

IES ESPIÑEIRA- Boiro:
https://bibliotecasafo.wordpress.com/2021/10/24/dia-das-bibliotecas-escolares/

- Coordinación de proxectos interdisciplinarios, apoio a traballos de investigación xurdidos en grupos, aulas, materias...
- Aproveitar as materias de libre configuración.
- Novos currículos???

Concurso de Traballos por Proxectos coordinados/apoiados pola biblioteca escolar. Traballos premiados curso 2018/2019




Traballos premiados no VII Concurso de Traballos por Proxectos. Cursos 19/20 e 20/21)




https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/files/Semana%20AMI_2021.pdf

https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1563

# RADIO + BIBLIOTECA ESCOLAR

Cando a biblioteca incorpora un “laboratorio de radio” pode impulsar novos **proxectos de carácter interdisciplinario,** vinculados á **educación para as competencias en información e medios.**



*CEIP A Pedra (Bueu)*

# A RADIO COMO SOPORTE, FERRAMENTA, MEDIADORA, MOTIVADORA DE EDUCACIÓN INFORMACIONAL E MEDIÁTICA

**MIÉRCOLES, 18 DE NOVIEMBRE DE 2020**

## Podcast Radiocuruxa. Mes da ciencia en galego.

Radiocuruxa volve a cobrar vida. Esta vez da man da xentiña de tercero de primaria.

Estes pequenos locutores fixeron un enorme traballo de investigación sobre Isabel Zendal e a vacina da variola, para a realización da escaleta.



Por BIBLIO LIBROLANDIA ivoox

Isabel Zendal e a vacina da variola. Mes da ciencia en galego

Descargar APP

PAUSAR 00:16 03:49

Publicado por curuxa catuxa en 13:06

Etiquetas: AXENDA 2030, MES DA CIENCIA EN GALEGO, RADIO

venres, maio 14, 2021

## METEOVALADARES



Esta mañá gravamos o noso novo programa.

Xa podedes saber o tempo que fará esta fin de semana.

# SET DE TV NA BIBLIOTECA ESCOLAR

Un equipo básico de gravación + edición de vídeo permite apoiar a creación de produtos audiovisuais relacionados cos proxectos que se levan a cabo no centro. **Alfabetización mediática significativa.** Imprescindible para facilitar a expresión e creación na linguaxe actual.




CEP xosé María Brea Segade (Taragoña-Rianxo: https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1408

# CÓMPRE INSISTIR EN QUE…



**A biblioteca é un instrumento do centro para a mellora e enriquecemento da súa cultura pedagóxica.**

Non é responsabilidade única do equipo de biblioteca.

Non é privativo de ninguén, antes ben, é **territorio de encontro e fonte de alimentación para toda a comunidade educativa.**

# *SON INDISPENSABLES…*

- ✓<u>Formación</u> (individual e colectiva; lectura profesional...)
- ✓<u>Avaliación</u> (do que se fai, da situación e das dinámicas creadas, dos resultados obtidos...)
- ✓<u>Planificación</u> (a curto e medio prazo)
- ✓<u>Reflexión</u> (*a biblioteca non pode ser territorio das "ocorrencias"*)
- ✓<u>Colaboración</u> (cos distintos sectores da comunidade educativa)
- ✓<u>Construción e mantemento de redes</u> internas e externas, con outros axentes culturais e educativos. <u>Ofrecer e buscar alianzas</u>.

# A BIBLIOTECA PODE…




- Ofrecer oportunidades de apoio
- Servir á transversalidade do currículo
- Vincular aprendizaxes a realizar nas diversas áreas e materias
- Servir de ponte e de plataforma

*Configurada como centro creativo das aprendizaxes ofrece ao alumnado un entorno natural, máis próximo á súa forma de entender o mundo, a comunicación e a formación "informal", con maior conexión ás súas prácticas fóra do ámbito académico.*
*A biblioteca é así a gran aliada do sistema educativo.*




Fonte: https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/index.htm

## OBJETIVO 4
## EDUCACIÓN DE CALIDAD

*Meta 4.1*
Asegurar la calidad de la educación primaria y secundaria.

*Meta 4.2*
Asegurar el acceso y calidad de la educación Pre-escolar.

*Meta 4.3*
Asegurar el acceso igualitario a la formación superior.

*Meta 4.4*
Aumento de las competencias para acceder al empleo.

*Meta 4.5*
Eliminación Disparidad de género y colectivos vulnerables.

*Meta 4.6*
Asegurar la alfabetización y conocimiento de aritmética.

*Meta 4.7*
Fomentar la educación Global para el Desarrollo Sostenible.

*Meta 4.A*
Mejora de instalaciones educativas inclusivas y seguras.

*Meta 4.B*
Aumento de becas para enseñanza superior.

*Meta 4.C*
Mejorar la cualificación de docentes.

## OBJETIVO 16
## PAZ, JUSTICIA E INSTITUCIONES SÓLIDAS

*Meta 16.1*
Reducción de todas las formas de violencia.

*Meta 16.2*
Erradicación del maltrato, trata y explotación infantil.

*Meta 16.3*
Promoción del Estado de Derecho, acceso a justicia.

*Meta 16.4*
Reducción de las Corrientes financieras y de armas ilícitas.

*Meta 16.5*
Reducción de la corrupción y soborno.

*Meta 16.6*
Creación de instituciones eficaces y transparentes.

*Meta 16.7*
Fomento de la participación ciudadana.

*Meta 16.8*
Fortalecimiento de la participación países en desarrollo en OOII.

*Meta 16.9*
Proporción de identidad jurídica y registro de nacimientos.

*Meta 16.10*
Acceso a información y libertades fundamentales.



La implicación de las bibliotecas españolas en la Agenda 2030

Grupo de Trabajo "Bibliotecas y Agenda 2030"
Octubre 2021

ccb Consejo de Cooperación Bibliotecaria

https://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Biblio_esp_A2030_triptico.pdf

## LAS BIBLIOTECAS CONTRIBUYEN

- **Personas:** biblioteca fácil, alfabetización, bienestar, lectura, acceso universal, inclusión, intercambio de conocimientos, tercer espacio, atención a la diversidad.
- **Prosperidad:** espacios de creación, ciencia abierta, innovación, transformación, formación a lo largo de la vida, acceso al conocimiento, cultura.
- **Paz:** multiculturalidad, cohesión, espacios seguros, participación ciudadana, acceso a la infomación.
- **Alianzas:** cooperación, colaboración, redes de bibliotecas.
- **Planeta:** bibliotecas verdes, ecobibliotecas, alfabetización ambiental.

**PERSONAS**
Poner fin a la pobreza y el hambre en todas sus formas y garantizar la dignidad e igualdad

**PROSPERIDAD**
Asegurar vidas prósperas y satisfactorias en armonía con la naturaleza



**PLANETA**
Proteger los recursos naturales de nuestro planeta y el clima para generaciones futuras

**PAZ**
Promover la paz, la justicia y sociedades inclusivas

**ALIANZAS**
Implementar la agenda a través de una sólida alianza global

### *Rescatando culturas. Proyecto del IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa-Pontevedra) Comunidad Autónoma: Galicia*




Rescatando culturas es un proyecto documental integrado, coordinado por la biblioteca escolar, que pretende dar a conocer los pueblos indígenas y minoritarios. Con su visibilización y defensa, se adquiere un compromiso de futuro. En este proyecto se implica a la comunidad educativa y local.

**Más información:**

https://www.ccbiblio.es/wp-content/uploads/Sello-CCB-2018-BEscolares.pdf

**Ideas clave:** Acceso a la información, cultura y conocimiento. Biblioteca social.

**Premios y menciones:** Ganador Sello CCB 2018.

https://www.libreria.culturaydeporte.gob.es/ebook/5250/free_download/

# ALGÚNS EXEMPLOS DE CENTROS QUE EXPLORAN A TRABALLAN POR UN MODELO AVANZADO DE BIBLIOTECA ESCOLAR. CENTROS LÍA.2 (2016-2020)







https://youtu.be/f2zcn_vu6sc

https://youtu.be/wycjOuWN02g

+ vídeos CENTROS LÍA.2 e outros

# A BIBLIOTECA QUE SE INTEGRA NO PLAMBE…

Vai percorrer, acompañada, un camiño de transformación onde **a reflexión, a avaliación, a planificación, a formación permanente, a rigorosidade e as alianzas** (con outras bibliotecas e con outros axentes culturais e educativos do medio máis próximo), son esenciais para poder cubrir as necesidades de alumnado, profesorado e familias nos ámbitos que lle son propios.



# ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES, WEB E RRSS

http://www.edu.xunta.es/biblioteca/


XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Bibliotecas escolares de Galicia bga

redeBE | Maletas viaxeiras | Plataforma E-LBE.2 | Ciencia | Portal educa
+ Info Últ

Buscar

ibliotecas
- Actualidade
- ALFIN
- Banco de experiencias
- Bibliotecas escolares
- Documentos de referencia
- Fomento da lectura
  - Hora de ler
  - Ler en mancomún
  - Libros a eito
  - Rede Lectura
- Infantil e primaria
- Secundaria
- Xestión técnica

lan de mellora de bliotecas escolares
- 2006/2007
- 2007/2008
- 2008/2009
- 2009/2010

Inicio » Bibliotecas escolares

## A biblioteca escolar ten a palabra

Bibliotecas escolares Documentos de referencia



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publica o lema e o cartel para as bibliotecas escolares de Galicia de cara a este curso 2021/2022. O lema elixido, **A BIBLIOTECA ESCOLAR TEN A PALABRA**, quere poñer o foco na palabra e a oralidade.

A imaxe que interpreta este lema proposto para o curso 2021-2022 é obra do ilustrador, escritor, deseñador e artista visual Pablo Otero, que leva xa un tempo colaborando coas bibliotecas escolares en formacións e obradoiros.

Os textos escritos e as producións audiovisuais que ofrece a biblioteca en obras de ficción ou de información axudan o alumnado a medrar donos da linguaxe, a ferramenta que lles abre camiños de pensamento, imaxinación, beleza e coñecemento. Mais tamén, as bibliotecas escolares son espazos sociais de encontro que promoven e facilitan o uso da palabra a través do diálogo, a reflexión, o debate, a exposición, os recitais, a lectura en voz alta, os clubs de lectura... Estas propostas son oportunidade para que o alumnado "tome a palabra" e avance no dominio da linguaxe e da lingua que lle é propia.

Máis aínda, como instrumentos a favor da equidade, as bibliotecas dos centros educativos deben procurar o acceso igualitario ao coñecemento e uso do léxico que garante unha mellor comprensión lectora, toda vez que os expertos nos falan da diferencia abafante entre o número de palabras que contén o léxico do alumnado de infantil en función dos contextos familiares, diferencia que marca xa as posibilidades de éxito fronte á lectura.

Ligazóns B.E.
- Abareque-Educastur
- B.E. de Navarra
- Biblioteca escolar: PUNTEDU
- Biblioteca Escolar Dig
- Bibliotecas /CRA de C
- Bibliotecas escolares -Extremadura
- Bibliotecas escolares Cantabria
- Bibliotecas Escolares Comunidad de Madrid
- Bibliotecas Escolares Aragón
- Bibliotecas Escolares Históricas
- Biblioteques Escolars
- Educacyl - Fomento d lectura
- IASL
- Lectura y bibliotecas escolares. Andalucía
- Libro Abierto
- MEC-Bibliotecas





Grazas!

crisnovoa@gmail.com